



## CONVOCATORIA MOBILIDADES DE CURTA DURACIÓN ERASMUS+ CURSO 2022/23

### Alumnado de 4º da ESO e Bacharelato

2022-1-ES01-KA121-SCH-000058330

#### OBXECTO:

O Equipo de Programas Internacionais convoca ao alumnado de 4º ESO e Bacharelato do IES JOHAN CARBALLEIRA a participar nas mobilidades Erasmus+ que se realizarán durante o curso 22/23.

A mobilidade escolar achega un valor evidente ao axudar aos mozos e mozas a abrir as súas mentes, ampliar as súas competencias sociais, profesionais e transversais, desenvolver o gusto pola innovación e a iniciativa e o sentido da cidadanía europea.

#### PRAZO:

O prazo de presentación das solicitudes é **dende o día 12 de setembro**, data da publicación desta convocatoria, **ata o día 15 de setembro**, ambos inclusive.

#### SOLICITUDES:

Para poder participar nas mobilidades Erasmus+ do presente curso 2022/23:

1. Será necesario cumplimentar este [formulario](#) elaborado para tal fin.  
(Tamén se pode acceder mediante o QR que se atopa na última páxina da convocatoria).
2. Superar o proceso selectivo.
3. Tendo en conta o país de destino deberase cumprir co protocolo COVID-19 establecido no país correspondente.

#### REQUISITOS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA:

- A persoa interesada deberá estar matriculada nun curso de 4º da ESO ou Bacharelato do IES JOHAN CARBALLEIRA.
- O/a estudante deberá presentar a solicitude de participación no programa ERASMUS+ nos prazos establecidos que estarán publicados no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro.
- O/a estudante deberá ter un grao de madurez axeitado, responsabilidade, flexibilidade e adaptabilidade para afrontar con éxito esta experiencia.

#### CRITERIOS DE EXCLUSIÓN

Quedarán excluídos do proceso de selección:

- As persoas que non cumplan os requisitos da convocatoria.
- O alumnado que teña sido obxecto de expulsión temporal do centro ou acumulara 2 ou máis faltas de orde dende xaneiro de 2021.
- As persoas que non presenten o formulario de solicitude nos prazos indicados sen causa legalmente xustificada.

## FASES E CRITERIOS DE PUNTUACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN:

A selección de candidatos/as estará baseada nos seguintes criterios e ponderacións:

CRITERIOS DE SELECCIÓN	BAREMO	COMO SE VALORA
Expediente académico do candidato/a	2 pts	Valorarase obtendo a nota media final obtida no curso anterior 10: 2 ptos 8 ou máis: 1,5 7 ou máis: 1 6 ou máis: 0,5
Competencia lingüística en idiomas	2 pts	Valorarase obtendo a nota final obtida na materia da 1ª lingua estranxeira 9-10: 1,5 ptos 7-8: 1 5-6: 0,5 <b>A maiores unha acreditación oficial* sumará:</b> Nivel Competencia B2 ou superior: 0,75 puntos Nivel de Competencia B1: 0,5 puntos Nivel de Competencia A2: 0,25 puntos
Adecuación do perfil do candidato ao programa de mobilidade.	2 pts	Cuestionario realizado polo profesorado e valorado polo Comité de Avaliación de mobilidades (competencias sociais e comunicativas, autonomía persoal, traballo en equipo, flexibilidade,...)
Compromiso coas tarefas desenvolvidas no programa eTwinning durante o curso anterior	2 pts	Valoración do profesorado implicado no desenvolvemento do programa eTwinning <i>Oceans of Culture, Culture of Oceans</i> durante o curso 2021-2022.
Asistencia diaria a clase e puntualidade.	1 pto	Valoración do Comité de Avaliación dacordo co establecido en XADE e o corroborado polo/a titor/a do/a alumno/a.
Ausencia de faltas de orde	1 pto	Valoración do titor/a do alumno/a ou xefatura de estudos dacordo cos datos reflexados no XADE.



\* A documentación oficial que acredite o nivel de idioma, enviarase ao enderezo electrónico: [p-internacionais@iesjohancarballeira.com](mailto:p-internacionais@iesjohancarballeira.com) entre o 12 e o 15 de setembro, ambos incluídos.

En caso de que as prazas ofertadas sexan menos que as solicitadas, terá preferencia o alumnado que non participe nas mobilidades de longa duración.

## COMITÉ DE AVALIACIÓN

A Comité que valorará aos solicitantes de bolsa ERASMUS+ para a MOBILIDADE ERASMUS+ estará constituída por:


- Un membro do equipo directivo.
- Un membro do equipo de programas internacionais.
- Un docente do equipo eTwinning.

## PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE PERSOAS SELECCIONADAS.

Vistos os resultados do proceso selectivo, o Comité de Avaliación confeccionará unha listaxe na que os candidatos/as aparecerán ordenados/as de maior a menor puntuación, indicando o alumnado seleccionado e o que formará parte da lista de reserva.

O resultado farase público no taboleiro de anuncios do centro e na web o **luns 19 de setembro de 2022**.

Poderanse remitir alegacións a esta listaxe ata as 23.59h do martes 20 de setembro do 2022. Unha vez rematado o período de alegacións, o **mércoles 21 de setembro de 2022**, farase pública a **listaxe definitiva** nos mesmos lugares que a listaxe provisional.



Enlace ao formulario